



OBRADOIROS TRANSDISCIPLINARES PARA EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL 2023

Como resultado da renovación do convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coa incorporación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística como entidade cofinanciadora do ProxectoTERRA queremos facervos chegar a convocatoria de Sementeiras - Obradoiros transdisciplinares 2022 para Educación Infantil e Primaria, Secundaria e Formación Profesional, **a desenvolver nos meses de outubro e novembro de 2023**, co obxectivo de que se poidan incorporar nas programacións dos centros educativos.

O ProxectoTERRA é un proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia dirixido ás distintas etapas educativas co fin de contribuír a mellorar a formación que a poboación escolar galega debe ter sobre as xentes, os espazos e os lugares que habitamos. Trata de **crear poboación crítica e propositiva sobre o noso medio construído para acadar unhas mellores condicións de vida** para todas as persoas, atendendo á premisa do **Dereito ao Hábitat**.

A presente convocatoria enmárcase dentro do **programa 18. ProxectoTERRA do Plan Proxecta+ 2023/2024**, unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial. Un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinares que fomenten o **papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade**



actual e do futuro e poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

O obxectivo do programa é que o alumnado perciba o hábitat humano desde as diferentes perspectivas que abordan os materiais elaborados e postos á disposición da comunidade educativa desde o ProxectoTERRA. O hábitat estúdase afondando en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o medio ambiente, dependendo do enfoque escollido en cada proxecto desenvolvido nos centros, aínda que sempre é ben considerado que se aborde un proxecto desde diversas perspectivas e se chegue a formular e desenvolver un proxecto interdisciplinar.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA SEMENTEIRAS

Mediante a presente convocatoria, desde o ProxectoTERRA queremos achegar **a todos os centros galegos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional** unha serie de obradoiros prácticos dirixidos ao alumnado de todas as etapas educativas: as Sementeiras. A través das Sementeiras poderanse desenvolver os contidos que o ProxectoTERRA ofrece a toda a comunidade educativa a través de materiais e formación, así coma os contidos expostos na convocatoria do Plan Proxecta+ 2022/2023, no [programa 18. ProxectoTERRA](#).

As Sementeiras serán obradoiros desenvolvidos por entidades galegas externas ao ProxectoTERRA e **non terán custo de inscrición para os centros educativos**. Nestes obradoiros abordaranse os contidos do programa arriba citado, adecuándoos ás características e idade do alumnado aos que irán dirixidos, así como ás necesidades do centro, na medida que a proposta o permita.

Os contidos desenvolvidos nas Sementeiras servirán de base para comezar a traballar ou afondar nas temáticas que abranguen, de xeito que o alumnado e profesorado poderán aproximarse a novas ideas, prácticas e dinámicas coas que abordar eses contidos.

Ademais, por medio das Sementeiras achegaranse especialistas nas materias tratadas aos centros educativos e darase a coñecer o seu traballo neles, de modo que poidan agromar novos vínculos e colaboracións. Estas Sementeiras servirán de base para que que medren novas redes de transmisión de coñecementos que se poidan continuar alimentando no futuro, nacendo así novas sinerxías en toda a comunidade educativa galega.

As **liñas de traballo** que abordarán os diferentes obradoiros serán as seguintes:

- Dereito ao hábitat
- Educación en arquitectura e urbanismo
- Identidade territorial e paisaxe
- Patrimonio
- Intervencións no espazo educativo
- Desenvolvemento sustentable e enfoque ecosocial
- Educación en artes e fomento da creatividade

Por medio destes obradoiros trataranse de desenvolver as seguintes **competencias chave**:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)



- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

SEMENTEIRAS

Descarga [aquí o pdf con todas as Sementeiras](#) explicadas polo miúdo. Débese ter en conta que o **tempo de realización de cada obradoiro e o número de alumnado ao que vai dirixido** indicados nas fichas serán **orientativos**, de modo que se intentarán adaptar ás necesidades e características dos centros participantes.

Prégase ler atentamente a información de cada ficha antes de solicitala, con **especial atención ás provincias onde se oferta**, coloreadas no mapa do ángulo superior dereito, os **niveis do alumnado** ao que vai dirixido e o **número máximo de alumnado** para o que se pode solicitar cada Sementeira.

As opcións dos diferentes obradoiros que se poden solicitar son as seguintes:

NOME DA SEMENTEIRA	IMPARTIDA POR
Sementeira 1. Un, dous, tres... que bosque ves?	Al otro lado. Asociación de familias lectoras
Sementeira 2. Paisaxes bibliográficas	
Sementeira 3. BOIS	Createctura
Sementeira 4. TRAZO, CORPO E MOVEMENTO	
Sementeira 5. TRANSFORMA A TÚA AULA	
Sementeira 6. Patchwork	
Sementeira 7. Fragmentos Tecnolóxicos	Samuel Galán Aira
Sementeira 8. Arquitectura e movemento	
Sementeira 9. TERRITORIOS CREATIVOS: PAISAXE E SOSTENIBILIDADE	TALLER ABIERTO. Proyectos culturales CB
Sementeira 10. OBRADOIROS CIENTÍFICOS E SENSORIAIS SOBRE MATERIAIS E CONSTRUCCIÓN NATURAL	SeteOitavas S. Coop. Galega
Sementeira 11. OBRADOIROS CIENTÍFICOS SOBRE MATERIAIS E CONSTRUCCIÓN NATURAL	
Sementeira 12. A TAPIA, UNHA CONSTRUCCIÓN NATURAL E PATRIMONIAL	



NOME DA SEMENTEIRA	IMPARTIDA POR
Sementeira 13A. O RURAL IMAXINADO I. DESMONTANDO ESTEREOTIPOS	Outonía S. Coop. Galega
Sementeira 13B. O Rural Imaxinado II. Cartografías corpo - territorio	
Sementeira 14. Menos contos! Territorios, consumo e novas narrativas	
Sementeira 15. FÓRA DE XOGO. ESCAPE ROOM CONTRA A CRISE ECOSOCIAL	
Sementeira 16. CORPO PAISAXE. site-specific	Elsa Pereira
Sementeira 17. O MUNDO MUDA	Colectivo Re.Creo Marta Somoza e Juan Antonio Aragonés
Sementeira 18A. DETECTIVES NA RUA: A EVOLUCIÓN DAS FORMAS NO TEMPO (Obradoiro excursión)	
Sementeira 18B. REELABORANDO A PAISAXE URBANA: MORFOLOXÍA DA CIDADE OU VILA E A SÚA PERCEPCIÓN (Obradoiro na aula)	
Sementeira 18C. DEBUXA O TEU BARRIO: HABITAR, DESPRAZARSE, TRABALLAR, DESFRUTAR O TEMPO DE LECER (Obradoiro na aula)	
Sementeira 18D. 4. REDES OCULTAS: OS FLUXOS DE PERSOAS, MATERIAS, ENERXÍAS E IDEAS (Obradoiro excursión)	
Sementeira 18E. CONSTRUÍR COS SENTIDOS: O AMBIENTE DA CIDADE. (Obradoiro na aula)	
Sementeira 19. PENSAR COAS MAOS . Xogos de construción	Sistema Lupo
Sementeira 20. Mestra de Obra	
Sementeira 21. Arquitecturas Vivas	
Sementeira 22. COIDEMOS Á TERRA: QUEREMOS FUTURO	Ladislau da Regueira / Artista Visual e Xavier Varela / Patrimonio Cultural
Sementeira 23. A ARQUITECTURA DOS VOLUMES CAMBIANTES	
Sementeira 24. O PATRIMONIO QUE TES NA TÚA CASA	
Sementeira 25. Ciscabyte	Luis Carretero Castiñeira
Sementeira 26. Construindo a Paisaxe	LOTO Arquitectura
Sementeira 27. CARTOGRAFÍAS EMOCIONAIS	Natalia Campos Ferro
Sementeira 28. COMO É O NOSO PATIO? CONSTRUCCIÓN DUNHA MAQUETA A ESCALA EN CAIXA DE AREA	



NOME DA SEMENTEIRA	IMPARTIDA POR
Sementeira 29. ANIMAIS ARQUITECTOS	TREES_Ecosistemas
Sementeira 30. ARQUITECTURA E CORPO. O ESPAZO COMO PEL.	
Sementeira 31. RECONNECTANDO CO NOSO PATRIMONIO	
Sementeira 32. TransFORMÁNDONOS... A NOSA VILA/ CIDADE... O NOSO CENTRO... O NOSO PATIO... A NOSA BIBLIOTECA... A NOSA AULA	
Sementeira 32A. transFORMANDO... A NOSA VILA/ CIDADE	TREES_Ecosistemas
Sementeira 32B. TransFORMANDO... O NOSO CENTRO	
Sementeira 32C. TransFORMANDO... O NOSO PATIO	
Sementeira 32D. TransFORMANDO... A NOSA BIBLIOTECA	
Sementeira 32E. TransFORMANDO... A NOSA AULA	
Sementeira 33. REFUXIO – CASA – como aprendemos dos animais para construír	EduCoHabitar
Sementeira 34. ACTIVA A TÚA AULA VERDE	Begoña Garrido Labrador
Sementeira 35. URBANISMO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO	
Sementeira 36. Iniciación ás formas xeométricas mediante Land Art	Raizame - Jimena Varela
Sementeira 37. O mundo secreto do monte	
Sementeira 38. Patios vivos	
Sementeira 39. Minipaisaxistas	
Sementeira 40. Encontros no tempo	Feitoría Verde S. Coop. Galega
Sementeira 41. ARGALLANDO: OBRADOIRO DE CREACION LIBRE	Miudiño S. Coop. Galega
Sementeira 42. TERRA: ESPAZO DE XOGO LIBRE CON MATERIAL NATURAL NON ESTRUTURADO	
Sementeira 43. QUE PATIO QUEREMOS?	
Sementeira 44. SEMENTANDO FUTURO	
Sementeira 45A. ARQUITECTURA E XEOMETRÍA APLICADA	PALITROQUES
Sementeira 45B. ARQUITECTURA E XEOMETRÍA APLICADA	
Sementeira 46. Incubando historias do barrio	ESPAZO XÓGARA



NOME DA SEMENTEIRA	IMPARTIDA POR
Sementeira 47A, 47B e 47C. NO TERRITORIO O ESENCIAL ÁS VECES NON SE VE	Laura M. Rey Rico e Carlos A. Fernández Balado
Sementeira 48. FACENDO MAPAS	
Sementeira 49A e 49B. APRENDENDO A ORIENTARNOS NO TERRITORIO	

QUEN AS PODE SOLICITAR

A presente convocatoria está **aberta a todos os centros educativos galegos**, aínda que terán preferencia aqueles especificados segundo os criterios de adxudicación expostos máis abaixo.

COMO PARTICIPAR

Cada centro educativo deberá solicitar un mínimo de 3 Sementeiras, cubrindo este [formulario](#), **no que escollerá entre as opcións indicando a orde de preferencia**. A recepción das solicitudes estará **aberta desde o día 26 de setembro até o día 5 de outubro de 2023**.

Criterios de adxudicación dos obradoiros

1. Terán preferencia na adxudicación os centros participantes no Plan Proxecta+ 2021/2022.
2. Terán preferencia na adxudicación os centros públicos sobre os concertados sostidos con fondos públicos, e estes sobre os centros privados.
3. Os centros poderán enviar varias solicitudes, aínda que se priorizará a adxudicación de polo menos unha actividade a cada centro solicitante.
4. En base aos criterios anteriores, as Sementeiras adxudicaranse por orde de chegada da solicitude e por orde de preferencia de cada centro solicitante.
5. Tentarase que cada obradoiro ofertado se realice, polo menos, unha vez nun centro solicitante.

Requisitos dos centros educativos participantes

- Cubrir o [formulario de inscrición](#) **entre o día 26 de setembro e o día 5 de outubro** de 2023.
- Asumir o compromiso de desenvolver o obradoiro entre o 13 de outubro e o 1 de decembro de 2023.
- Documentar graficamente o obradoiro. Os centros participantes no programa 18. ProxectoTERRA do Plan Proxecta+ 2022/2023 deberán incluír esta documentación na memoria final do proxecto e o resto de centros deberán enviala a proxectoterra.actividades@coag.es unha vez realizada a Sementeira.

Custo das Sementeiras

Non haberá cota de inscrición. Desde ProxectoTERRA **rogamos responsabilidade** por parte dos centros. Estes deberán comprometerse firmemente a desenvolver os obradoiros solicitados no caso de ser concedidos.



A excepción da Sementeira 45B (custo especificado na ficha correspondente), algunhas Sementeiras precisarán que os centros aporten material de papelería/manualidades e algún elemento específico preciso para desenvolver a actividade. Para cada caso, este material especificarase no correo de adjudicación que reciban os centros unha vez pechada a presente convocatoria. Se nalgún caso a compra de material supón un custo que o centro non pode asumir, farase cargo o ProxectoTERRA.

MOI IMPORTANTE: As actividades do ProxectoTERRA son actividades complementarias, polo que deben ter as aprobacións oportunas por parte do centro. **O alumnado estará sempre baixo a responsabilidade do profesorado do centro**, debendo estar **sempre presente** ao longo das actividades e colaborar coas monitoras no seu desenvolvemento. As monitoras dinamizan e guían as actividades, debendo estar sempre acompañados por profesorado do centro que será o responsable do grupo. **O incumprimento desta condición suporá a suspensión inmediata da actividade.**

Medios de contacto* para calquera dúbida relacionada coa convocatoria:

- Escribindo a proxectoterra.actividades@coag.es
- Chamando ao 676 033 121

***IMPORTANTE:** Nas fichas das diferentes sementeiras dáse un enderezo electrónico de contacto para **consultas específicas sobre os contidos** de cada obradoiro. Para todas as demais cuestións sobre a presente convocatoria deberase contactar con ProxectoTERRA.

REDES SOCIAIS

Se sodes usuarios de Facebook e Twitter, queremos animaros a que nos sigades a través dos seguintes enlaces:

<https://www.facebook.com/proxectoterra/>

<https://twitter.com/Proxectoterra>

Nos pasados cursos tivemos moitos problemas cos envíos dos correos que contiñan a información sobre os cursos e actividades que ofertamos, e temos certeza de que non lle chegaron a unha gran parte do profesorado. A través das redes sociais poñemos ao voso dispor outro xeito de poder consultar e compartir a información sobre as nosas iniciativas e poder contar coas vosas achegas de xeito moito mais directo.

Recibide unha moi afectuosa aperta do equipo do ProxectoTERRA.

Coordinación das actividades do ProxectoTERRA:

Alberto Fortes Novoa

Sabela Girón Gesteira

Arquitectura en Fronteiras

+34 676 033 121

proxectoterra.actividades@coag.es